



CONCELLO DE POIO

Estratos dos asuntos 4233, 4234, 4235 da acta da sesión ordinaria do Pleno da Corporación do 26 de abril de 2016.

4233.- PASE A SITUACIÓN DE CONCELEIRA NON ADSCRITA DE D^o. SILVIA DÍAZ IGLESIAS.-

Dáse conta do escrito presentado no Rexistro Xeral con data 20 de abril de 2016 presentado polo responsable local do BNG comunicando o abandono da Concelleira Silvia Díaz Iglesias da formación política coa que concurriu ás pasadas eleccións municipais celebradas en maio de 2015, Bloque Nacionalista Galego.

.../...

A corporación dáse por informada.

4234.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA SOBRE MODIFICACIÓN PARCIAL DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS POR DECRETO DA ALCALDÍA DE DATAS 25/06/2015 E 29/06/2015.

Dáse conta aos membros presentes das Resolucións da Alcaldía de modificación parcial das delegacións conferidas por decreto da alcaldía de datas 25/06/2016 e 29/06/2016 e que se detallan a seguir:

Resolución de data 21 de abril de 2016 de revogación de delegacións de competencias, delegación da presidencia do Consello Municipal de Cultura e Presidencia da comisión de Cultura, Educación e Deportes outorgadas a D^o. Silvia Díaz Iglesias mediante resolución do 25/06/2015.

Resolución de data 21 de abril de 2016 de modificación parcial da resolución do 29 de xuño de 2015 de reordenación de delegacións conferidas.

Resolución de data 21 de abril de 2016 de nomeamento de representante titular e suplente nos Consellos Escolares, Escolas Infantís e Consello Escolar do IES Poio.

Resolución de modificación parcial da resolución do 25 de xuño de 2015 de delegación da presidencia da Comisión Informativa de Cultura, Educación e Deportes a favor de Lidia Salgueiro Piñeiro.

Resolución de modificación parcial da resolución do 25 de xuño de 2015 de delegación da presidencia do Consello Municipal de Cultura a favor de Lidia Salgueiro Piñeiro.

4235.- DAR CONTA ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E CONCELEIRA NON ADSCRITA SOBRE PARTICIPACIÓN E COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS.

Dáse conta do escrito do 21 de abril de 2016 subscrito por Luciano Sobral Fernández, Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira, Lidia Salgueiro Piñeiro e José Ángel Lodeiro Cancela que manifestan:

Que o grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego queda integrado tras o abandono de Silvia Díaz Iglesias polos membros que arriba se indican da formación política na que concorreron nas referidas eleccións municipais de maio de 2015.

Que designan como Voceiro do Grupo Municipal do BNG a D. Xulio Barreiro Lubián e voceiros suplentes ao resto dos concelleiros que integran o Grupo Político.

Adscribir como representantes do Grupo Municipal do BNG aos membros que se detallan a seguir nas seguintes Comisións Informativas Permanentes:

Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes: Titulares: Lidia Salgueiro Piñeiro, Xosé A. Lodeiro Cancela, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Xosé Luís Martínez Blanco, Xulio Barreiro Lubián.

Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Comisión Informativa de Urbanismo: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Comisión Informativa de Patrimonio: Titulares: Xulio Barreiro Lubián, Xosé Luis Martínez Blanco, Margarita Caldas Moreira Suplentes: Lidia Salgueiro Piñeiro, José A. Lodeiro Cancela.

Así mesmo dáse conta do escrito presentado por D^o. Silvia Díaz Iglesias en calidade de concelleira non adscrita na que manifesta a súa vontade de formar parte das seguintes comisión informativas: Comisión Informativa de Educación, Cultura e Deportes, Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas, Comisión Informativa de Urbanismo e Comisión Informativa de Patrimonio.